

PROPOSTA DE CONTRATACIÓN DE SERVICIOS DE PIROTECNIA PARA AS FESTAS DE SAN ROQUE 2024

As festas patronais de San Roque, que se celebran no mes de agosto, son as máis concorridas de Vilagarcía. Veciños de Vilagarcía e doutras poboacións da comarca, así como veraneantes, acoden ás mesmas, especialmente á Festa da Auga e a contemplar o denominado Combate Naval. Este último, é un espectáculo de fogos de artificio que atrae a un gran número de persoas a Vilagarcía.

Ademais, coa finalidade de realzar os distintos eventos que teñen lugar durante as festas e contribuír a crear un ambiente festivo, realizaranse disparos de fogo detonante.

Estas actuacións, contribuirán sen dúbida, a que se acheguen a Vilagarcía moitas persoas nesas datas, o que redundará nunha mellora da economía do municipio, especialmente dos establecementos de hostalería.

O Concello non conta con medios materiais e humanos para a realización dos servizos pirotécnicos obxecto do contrato, que, por outra parte, deben ser realizados por persoal especializado de acordo coa normativa vixente en materia de cartuchería e explosivos, polo que é necesaria a contratación dos mesmos con unha empresa especializada.

O orzamento do contrato se desagrega do seguinte xeito:

Sen IVE	IVE (21%)	Total (IVE inc.)
39.252,34 €	8.242,99 €	47.495,33 €

O valor estimado do contrato ascende a 39.252,34 €

O contrato cofinanciarase polo Concello de Vilagarcía de Arousa e pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ó Plan + Provincia 2024, coa seguinte desagregación:

Procedencia	Importe
Concello	1.079,73 €
Deputación Prov.(Plan + Provincia 2024) (Combate Naval)	46.415,60 €

A execución dos diversos traballos/prestacións comprendidas no obxecto do contrato implica a necesidade de coordinar a execución dos mesmos, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes, polo que non se considera axeitada a división do obxecto do contrato en lotes.

Asdo.: Carlos Varela Ulla
Técnico de Cultura

